Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Begoña Nogueira Nartallo, para obras de valado de parcela rústica cos postes e arame no lugar de A Laxe, Pol 33, Parcela 135, A Coca (Ref. Cat. 36060A033001350001HQ), sen necesidade de respectar retranqueos nin aliñacións.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

En calquera caso, respectaranse as servidumes que existan.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Disciplina Urbanística dado que consta no Concello expediente informativo DISC/2024/000118 por caída de muro no mesmo enderezo. (Expte. URB/2025/000363)

PRP2025/1626

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Luis Falcón Díaz en representación de INMOBILIARIA CASTELAO AROUSA S.L., para limpeza de tellado e canos en edificio situado na Avd. Dr. Tourón nº 19 (Ref. Cat. 9356101NH1195N), tal e como se indica na documentación que presenta.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000356)

PRP2025/1627

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Iago Pena Marichalar en representación de D. Francisco Javier Cores Abalo, para obras de renovación de peche frontal na rúa Santa María de Guillán nº 34, Carril (Ref. Cat. 0076904NH2107N0001EW), tal e como se indica na documentación que presenta.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

En calquera caso, respectaranse as servidumes que existan.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000375)

PRP2025/1629

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Agrepi Asesores S.L. en representación de D. Xiaowei Wu, para obras de acondicionamento de local comercial con instalación de rótulos en local situado na rúa Edelmiro Trillo nº 16, baixo 2 (Ref. Cat. 9361607NH1196S0002YK), tal e como se indica na documentación que presenta.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2024/001068)

PRP2025/1657

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Cirugeda García en representación de NEDGIA GALICIA S.A., para obtención dunha prórroga para inicio das obras de retirada de depósito de propano na Avd. Dr. Tourón nº 54 (ref. cat.: 9055704NH1195N) que foron aceptadas por Resolución de Alcaldía de data 04.08.2022, de conformidade co informe xurídico desfavorable no que se indica que a solicitude de prórroga deberá formularse antes do vencemento do prazo da comunicación previa aceptada. (Expt. URB/2021/000838)

PRP2025/1567

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Yorfady Katherine Cobo, para obras de arranxo de tellado, sen modificación de volume nin estrutura, e renovación de acabados en cociña e baño en vivenda situada na rúa Montiño de Trabanca nº 25, Carril (Ref. Cat. 9181003NH1198S0001IT).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000362)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

PRP2025/1614

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel García Vilariño, para acometida á rede municipal de auga para uso de **auga de obra** na rúa Castillejos nº 1 (Ref. Cat. 8584611NH1188S0001QQ), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- Para a instalación do contador de auga disporase na batería de contadores do edificio.
- O uso da auga **será exclusivamente para as necesidades de construción da obra**, sen que se poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte. URB/2025/000333)

PRP2025/1615

Informar favorablemente a solicitude de Dña. Alejandra Viqueira Tubío en representación de SAREB, para obras de mantemento e limpeza de fachadas en inmovible situado na rúa Ramón y Cajal nº 7 (Ref. Cat.: 9463015NH1196S), tal e como se indica na documentación presentada, sempre e cando a hidrolimpeza non se realice con máquina a presión, se non deberá obter autorización de Patrimonio.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar aos usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Darase traslado ao Departamento de Disciplina Urbanística dado que consta no Concello expediente disciplinario DISC/2013/050 por deber de conservación.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.(Expte. URB/2025/000268)

PRP2025/1616

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Olalla Ríos Riveiro en representación de Dna. Beatriz Castro Barreiro, para obras de mantemento de fachadas e cuberta en edificio situado na Praza da Independencia nº 9 (Ref. Cat.: 9459025NH1195N), tal e como se indica na documentación presentada, debendo respectar as modificacións nas partidas que se indican na derradeira documentación presentada.

O inmovible sobre o que se pretende a actuación está catalogado no conxunto de edificios coa ficha 118 PHA, non entanto, tendo en conta que as actuacións non afectan aos valores culturais da envolvente exterior, non precisa contar co preceptivo informe de Patrimonio.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar aos usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Darase traslado do presente acordo ao departamento de Disciplina Urbanística, dado que consta no Concello expediente disciplinario DISC/2023/055 por inmovible en mal estado, actualmente en tramitación.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.(Expte. URB/2025/000204)

PRP2025/1618

Informar favorablemente a solicitude de D. Miguel Ángel Fariñas en representación de Dna. Iria María Diz Morrazo, para acondicionamento interior de local para centro de fisioterapia situado na rúa Padre Feixoo nº 7, baixo (Ref. Cat.: 9462011NH1196S0001PJ), tal e como se indica na documentación presentada.

O inmovible sobre o que se pretende a actuación está catalogado no conxunto de edificios coa ficha 119 PHA, non entanto, tendo en conta que a actuación non afecta á súa envolvente exterior non precisa contar co preceptivo informe de Patrimonio.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.(Expte. URB/2025/000336)

PRP2025/1619

Informar favorablemente a anulación do vao permanente concedido por resolución de Alcaldía de data 31/10/2024 a Dna. M^a Concepción Marcos Ramos, na rúa Pío XII, nº 22 (Ref. cat.: 89152103NH1195S0001RM) e denegar a zona de carga de vehículo eléctrico solicitada no mesmo enderezo, vistos os informes técnicos e da Policía Local, nos que se indica que unha vez realizada a cesión de parcela para incorporación a viais establecida no PXOM, resulta que a devandita parcela carece de portal de acceso de vehículos. (Expte. URB/2024/000574)

PRP2025/1620

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Mercedes Varela Gago para obras de reforma de baño existente en inmovible situado na Praza da Independencia nº 9, 3º A (Ref. Cat.: 9459026NH1195N0006IB), tal e como se indica na documentación presentada.

O inmovible sobre o que se pretende a actuación está catalogado no conxunto de edificios coa ficha 118 PHA, non entanto, tendo en conta que a actuación non afecta á súa envolvente exterior, non precisa contar co preceptivo informe de Patrimonio.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas par evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.(Expte. URB/2025/000371)

PRP2025/1621

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Fuensanta Barcala Martínez en representación de D. Miguel Rey Frieiro, para obras de edificación complementaria de cubrición de terraza na rúa Aquilino Iglesias Alvariño nº 19, baixo D (Ref. Cat.: 9863501NH1196S0011HQ), tal e como se indica na documentación presentada, posto que a descrición das características e usos das edificacións contidas na documentación que se somete a informe resulta compatible coas determinacións do

vixente Plan Xeral.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.(Expte. URB/2025/000321)

PRP2025/1622

Informar favorablemente a solicitude de D. Mauro Luis Olofsson en representación de LA VIKINGA ESPJ, para legalización de rótulo aplacado en establecemento situado na Avd. da Mariña nº 26, baixo 2 (Ref. Cat.: 9561202NH1196S0003ML), posto que se adapta ás condicións indicadas no PXOM. (URB/2025/000355)

PRP2025/1623

Informar favorablemente a solicitude de Dña. Paula Souto Buceta en representación de FRIGOHOGAR GALICIA OPORTUNIDADES SLU para legalización de instalación de vinilo en rótulo aplacado existente en establecemento situado na Avd. Rosalía de Castro nº 121, baixo 8 (Ref. Cat.: 8978301NH1187N0008QY).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

(URB/2025/000352)

PRP2025/1624

Informar favorablemente a solicitude de Dña. Susana Corral López, para legalización de instalación de vinilo en rótulo aplacado existente e obras interiores en establecemento situado na rúa Castor Sánchez nº 13, baixo (Ref. Cat.: 9463036NH1196S0003RL).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.(URB/2015/000102)

PRP2025/1658

Informar favorablemente a solicitude presentada por ESPINOSA & RODRÍGUEZ ARCHITECS PROJECTS MANAGERS, S.L. en representación de SINORDEM S.L., para obtención dunha prórroga de 4 meses para inicio das obras de mellora de illamento acústico de local para discoteca situado na rúa Juan García nº 6, baixo, de conformidade cos informes técnico e xurídico favorables á concesión da prórroga, que obtivo licenza por Resolución de Alcaldía de data 26.08.2024 e que obtivo unha prórroga de 4 meses para inicio das obras por Resolución de Alcaldía de data 06.02.2025. (Expte. URB2024/000385)

PRP2025/1659

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Alfonso Saz Hermira, para obtención dunha prórroga de 6 meses para inicio de obras varias en vivenda situada na rúa Conde Vellellano nº 13, 3º drta. (ref. cat.: 9261207NH1196S0007EM), de conformidade cos informes técnico e xurídico favorables á concesión da prórroga, que obtivo licenza por Resolución de Alcaldía de data 24.04.2024. (Expte. URB2024/000276)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2025/1645

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Julio Samuel Río Rial, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar illada na rúa Fontecarmoa nº 43, de conformidade co proxecto básico redactado polo arquitecto D. Amador Rey Camiño, asinado electronicamente o 08.02.2025. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Ordenanza R2 - 2º.
 2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Residencial (vivenda unifamiliar)
 3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: B+1+BC (6,90); 70%
 4. Orzamento de execución material: 151.891,00 €
 5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 9052131NH1195S0001XM
 6. Técnico director da obra: Arquitecto D. Amador Rey Camiño
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
 - A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
 - Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de

- execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
 - De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
 - No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
 - **Non se poderá iniciar a execución das obras mentres non se achega e se autorice polo Concello o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG, que deberá acompañarse da seguinte documentación (Estudo de seguridade e saúde e oficios de dirección da execución material e de coordinador de seguridade e saúde).**
 - Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355.3 do RLSG (Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Expt. URB/2025/000125)

PRP2025/1646

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. María Jesús Balo Rodríguez en representación de COM. PROP. EDIFICIO CASTELAO 18 E ARCEBISPO LAGO 17, vistos os informes técnico e xurídico, para obras de arranxo de tellado e fachada de edificio situado na rúa Castelao 18 e Arcebispo Lago 17 (Ref. Cat: 9260001NH1196S), de conformidade co proxecto de rehabilitación enerxética da envolvente de edificio e instalacións térmicas, redactado polo arquitecto técnico D. Carlos Rey Lustres, con visado colexial do 22.04.2025.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros,

segundo o Art.350.3 do RLSG.

- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expt. URB/2025/000019)

PRP2025/1648

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Daniel Álvarez Rivas en representación de Dña. Flor Elena Carballo Duarte, vistos os informes técnico e xurídico, para instalación de piscina no lugar de Aralde nº 3, Sobrán (Ref. Cat. 6825204NH1162N0000GB), de conformidade co proxecto técnico para instalación de piscina prefabricada, redactado polo arquitecto D. Daniel Álvarez Rivas, con visado colexial de data 24.01.2025.

- No caso de que se cumpran as condicións previstas no artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2025/000072)

PRP2025/1651

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. Ana María Arias Rodríguez, vistos os informes técnico e xurídico, para instalación de piscina na rúa Bouza Xusta nº 14, Trabanca Badiña (Ref. Cat. 0865209NH2106N0001II), de conformidade co proxecto técnico para piscina en

vivenda unifamiliar, redactado polo arquitecto D. Eladio Rodríguez Fernández, asinado electronicamente o 27.02.2025.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2025/000219)

PRP2025/1652

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. Arantxa Rayaces Calvo, vistos os informes técnico e xurídico, para instalación de piscina na rúa Asegador nº 43, Os Anxos (Ref. Cat. 8883821NH1188S), de conformidade co proxecto técnico de piscina de uso privado sen climatización, redactado polo arquitecto técnico D. Jose M. Millán Armas, asinado electronicamente o 31.03.2025.

- No caso de que se cumpran as condicións previstas no artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica,

usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2025/000305)

PRP2025/1653

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por D. Fco. Javier Reboredo Chaves en representación de Dna. María Montserrat Oubiña Diz, para acondicionamento de local para apartamento-estudo na rúa Veiga de Cima (Ref. Cat. 8553830NH1185S0001HL), redactado polo arquitecto D. Fco. Javier Reboredo Chaves, con visado colexial de data 11.03.2025, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por resolución de Alcaldía de data 11.12.2024.

No caso de que se cumpran as condicións previstas no artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde. (Expte. URB/2024/000469)

PRP2025/1654

Informar favorablemente a solicitude de desistimento da licenza presentada por D. Carlos Berride Abalo en representación de Dna. María Nieves Diz Núñez, para obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa Manuel Fernández Teixeira nº 11, (Ref. Cat.: 8240311NH1184S0001FW) por duplicidade co expediente URB/2021/000933 tramitado para cambio de titularidade de licenza nesa mesma parcela e, por conseguinte, proceder ao arquivo do expediente (URB/2024/000792)

PRP2025/1655

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Alexandre Cameselle Vila en representación de D. Santiago Catoira Caldas, para obtención dunha prórroga de seis meses para inicio das obras de cambio de uso de local comercial a vivenda na Avd. Rosalía de Castro nº 10 baixo, que obtiveron licenza por Resolución de Alcaldía de data 16.10.2024, de conformidade cos informes técnico e xurídico favorables á concesión da prórroga. Recórdaselle que deberá achegar o proxecto de execución debidamente visado polo colexio oficial correspondente. (Expte. URB/2024/000214)

PRP2025/1656

- Mediante resolución da Alcaldía de data 24.04.2024, concédese licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar acaroada na rúa Manuel Fernández Teixeira, parcela 21, Renza (Ref. Cat.: 8240321NH1184S0001IW) a Dna. Ana Baúlde Portas e mediante resolución da Alcaldía de data 06.02.2025 dáse conformidade ao proxecto de execución e documentos anexos, redactado polo arquitecto D. Jesús Mª Diéguez Pazos, visados o 15.05.2024 e o 27.11.2024 para a construción da devandita vivenda (expt. URB/2019/000968).

- Mediante escrito presentado en data 10.03.2025, por D. Manuel Antonio Brun Carballo solicítase a transmisión da licenza a seu nome, acompañando escritura de data 03.11.2023 de compravenda da parcela..

Á vista do anteriormente exposto e da documentación achegada, e visto o informe xurídico de data 24.04.2025, o Consello da Xerencia informa favorablemente o cambio de titularidade da licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar acaroada na rúa Manuel Fernández Teixeira, parcela 21, Renza (Ref. Cat.: 8240321NH1184S0001IW) a favor de D. Manuel Antonio Brun Carballo. (Expte. URB/2019/000968)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2025/1630

Informar favorablemente o arquivo da comunicación previa de inicio de actividade de bazar na Avd. As Carolinas nº 54, baixo, presentada por D. José Arturo Romero Alegret en representación de TENG FEI 1688 S.L., de conformidade co informe técnico de data 22.04.2025, no que se comproba que o devandito local atópase cerrado e sen actividade. (Expt. ACTI/2024/000001).

PRP2025/1635

Informar favorablemente a comunicación previa de apertura de establecemento formulada por Dna. Susana Corral López, para inicio da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir (Epígrafe 651.2) en local situado na rúa Castor Sánchez nº 13, baixo, con referencia catastral 9463036NH1196S0003RL, de conformidade coa documentación presentada e informe técnico de visita de comprobación emitido ao respecto en data 24.04.2025. (Expt. ACTI/2025/000042)

PRP2025/1660

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade, da comunicación previa de cambio de titularidade aceptada por resolución municipal de data 23.12.2024 outorgada a favor de EL TRASTERO SANTIAGO S.L, para a actividade de cafetería (III.2.5.2 Cafeterías s/ anexo a D124/2019) no local situado na rúa Aquilino Iglesia Alvariño nº 13, baixo (Ref. Cat.: 9764011NH1196S0049OU), quedando subrogada a entidade SANTORUM GONGAL S.L representada por Adrián Santórum Rey, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

(Expt. ACTI/2025/000029)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:24 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.